

Resolución da Valedora do Pobo, do 5 de decembro de 2018, polo que se designan os membros da Mesa de Contratación do Valedor do Pobo para os procedementos abertos simplificados.

O artigo 326 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establece que a Mesa de Contratación estará constituída por un presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente e un secretario nomeados polo órgano de contratación.

O secretario deberá ser designado entre funcionarios ou, na súa falta, outro tipo de persoal dependente do órgano de contratación, e entre os vogais deberán figurar necesariamente un funcionario de entre os que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor, ou, na falta destes, unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas as funcións correspondentes ao seu asesoramento xurídico, e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico orzamentario.

De conformidade co disposto no apartado 6 do citado artigo 326, a Mesa de Contratación que interveña no procedemento aberto simplificado considérase validamente constituída si o esta polo presidente, secretario, un funcionario de entre os que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor.

De acordo coas facultades que me outorga o artigo 7 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, aprobado pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia o 26-5-1997, (BOPG 678, do 20-6-1997), modificado o 2-12-2015, (BOPG 568, do 9-12-2015), e 22 de xaneiro de 2018 (BOPG 252, do 2 de febreiro)

RESOLVO

- 1) Designar como membros da Mesa de Contratación da Institución do Valedor do Pobo ás seguintes persoas:
 - Presidencia: Dna. Beatriz González Moreno, Coordinadora do Valedor do Pobo
 - Secretaría: D. Iván Santalla Beahín, Xefe de Sección de Apoio e Transparencia
 - Vogais:
 - D. Santiago González Serrano, Xefe do Servizo II.
 - Dna. Carolina Costoya Pardo, Interventora do Valedor do Pobo.
- 2) Para o caso de ausencia dos titulares, as suplencias realizaranse do seguinte xeito:
 - Dna. Beatriz González Moreno será suplida por Dna. Carolina Costoya Pardo

- D. Iván Santalla Beahín, será suplido por D. Carlos del Valle Chousa, funcionario do Valedor do Pobo.
 - Dna. Carolina Costoya Pardo, será suplida por Dna. Carmen Fernández Da Silva, Viceinterventora do Valedor do Pobo.
- 3) Déixase sen efecto a *Resolución da Valedora do Pobo, do 30 de abril de 2018, polo que se designan os membros da Mesa de Contratación do Valedor do Pobo para os procedementos abertos simplificados.*
- 4) Esta Resolución será publicada no Portal de transparencia e no perfil do contratante do Valedor do Pobo.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018



Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo